



Decreto de 18 de decembro de 2020

Expediente de contratación: Adxudicación do contrato de servizos de axuda a domicilio do Concello de Pol, levado a cabo mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación e suxeito a regulación harmonizada.

Antecedentes de feito.-

Mediante providencia de alcaldía de data 12 de agosto de 2020 deuse inicio ao expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Pol, dado que os efectivos de persoal existentes resultan insuficientes.

Sendo as características do mesmo:

Tipo de contrato: Servizos	
Subtipo do contrato: Categoría 25	
Obxecto do contrato: Servizo de Axuda a Domicilio	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 85300000-2	
Valor estimado do contrato: 1.785.634,95 euros IVE excluído.	
Orzamento base de licitación: 973.982,70€	IVE (4%/10%): 44.691,15€
Orzamento base de licitación IVE incluído: 1.018.673,85 euros.	
Duración da execución: Tres anos	Duración máxima: Cinco anos

O día 2 de outubro de 2020 foi publicado o anuncio de licitación no DOUE, na Plataforma de Contratos do Estado e na páxina web do Concello de Pol.

Dentro do prazo de trinta e cinco días naturais (35) a contar dende o día seguinte ó envío do anuncio ó DOUE, conferido para a presentación de ofertas no expediente para a contratación do servizo de axuda a domicilio, presentáronse as seguintes: Asanis Galicia S.L., Idade de Ouro servizos sociosanitarios S.L., O Caneiro de Redondo S.L., Pedroso y Rojas S.L. (saluvi).

Reunida a mesa de contratación en xuntanza realizada o día 20 de novembro propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a Asanis Galicia SL, ao obter a puntuación máis alta e en consecuencia, formular a oferta economicamente máis vantaxosa.

O día 27 de novembro requiriuse a documentación ó licitador Asanis Galicia S.L. Con data 15 de decembro ten entrada no rexistro do Concello de Pol a documentación requirida consonte o previsto na cláusula vixésima do prego de cláusulas administrativas particulares.





Lexislación aplicable.-

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

— Os artigos 4 a 6, 18 a 24, 27 e 48 a 64 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (en diante Directiva de Contratación).

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A alcaldía, como órgano de contratación, acordo o seguinte:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de servizo de axuda no fogar nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a Asanis Galicia S.L. nas seguintes condicións:

- Prezo hora ordinaria dependencia: 13,75 euros máis IVE.
- Prezo hora extraordinaria dependencia: 13,75 euros máis IVE.
- Prezo hora libre concorrencia: 13,75 euros máis IVE.
- 5 grúas de mobilización persoal.
- 5 colchóns antiescaras.
- 10 camas articuladas.
- 10 servizos anuais de acompañamento a consultas médicas, sen custe.
- 15 servizos anuais de transporte gratuíto.
- 70 horas anuais de libre disposición sen custe.
- 20 servizos de podoloxía gratuíta por ano.
- Dispor da plataforma de xestión informática CIBERSAD.
- 10 limpeza de choque gratúitas por ano.

Segundo.- Dispor o gasto correspondente.

Terceiro.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

Cuarto.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Quinto.- Designar como responsable do contrato á traballadora social do Concello, M^a Luísa Armesto Domínguez.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Sexto.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Sétimo.- Notificar a Anita Villar Vázquez, representante de Asanis Galicia S.L., adxudicataria do contrato, o presente acordo e citala para a sinatura do contrato que terá lugar en na Casa do Concello, en Mosteiro, o vindeiro día 22 de decembro ás 9:00 horas

Oitavo.- Publicar anuncio de formalización do contrato na Plataforma de Contratos do Estado en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Noveno.- Publicar anuncio de formalización do contrato no «Diario Oficial da Unión Europea» como moi tarde 10 días despois da formalización do contrato.

Décimo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Undécimo.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato

Alcalde
Lino Rodríguez Ónega

Secretario-Interventor
Froilán Pallín Seco

Documento asinado dixitalmente á marxe.

